

Primeiro Ciclo Primaria Día das Letras galegas 2011



Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro»
Xulio Gallego Revaldería
Armando Xosé Herrero Mayor
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
Mario Ramón Suárez Hermida

Seminario de Formación Permanente «Material didáctico sobre Lois Pereiro»
María José Fernández de Sanmamed Maneiro
Magdalena Alonso Franco
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.^a Isabel Hortas González
M.^a Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro na Rede»
Ana Fernández Jonte
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez
M.^a Belén Suárez Carballo

Asesoría pedagóxica CEFOR A Coruña
Xosé Antón Amil García

Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CEI de Vilarrodriís, en Arteixo
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende, Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña

Á Real Academia Galega, a Víctor Echave e a Xosé Manuel Pereiro pola súa colaboración e xenerosidade.

Edita
Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP de Galán,
Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>
ISBN -13: 978-84-694-1128-5



O Día das Letras Galegas foi instituído pola Real Academia Galega, no ano 1963, para homenaxear a aquelas persoas que salientasen pola súa creación literaria en idioma galego ou pola defensa do noso idioma.

Este ano, o 17 de maio, Día das Letras Galegas, estará adicado ao poeta Lois Sánchez Pereiro, máis coñecido por Lois Pereiro.

Lois naceu en Monforte de Lemos (Lugo), o 16 de febreiro de 1958 e morreu na Coruña, no ano 1996.

Á idade de 17 anos viaxou a Madrid para estudar na universidade a carreira de Socioloxía. Aos poucos meses voltou de novo a Monforte para traballar na cristalería de seu pai.

Ao ano seguinte regresou a Madrid para estudar na Escola Oficial de Idiomas, francés, inglés e alemán.

Colaborou na revista *Loia*, xunto con outros escritores e artistas galegos afincados en Madrid.

Estando en Galicia participou en varias antoloxías poéticas *De amor e desamor* (1984 e 1985) e foi un colaborador activo na revista *Luzes de Galiza*, onde publicará oito capítulos dunha novela que deixará sen rematar.

Publicou varios libros de poemas: *Poemas e Poesía última de amor e enfermidade*.

O seu último libro é *Poemas para unha loia*, na que se recollen versos escritos durante a súa estada madrileña.



Lois Pereiro, nunha caricatura de Xulio Gallego.



Portada do seu último libro publicado.



Lois Pereiro, á dereita, co seu irmán, nunha foto escolar no Colexio dos Salesianos, de Monforte.

QUE SABES DE LOIS PEREIRO?

1

Colorea da mesma cor a pregunta e a súa resposta.

En que cidade de Lugo naceu?

LOIA

Onde comezou a estudar Socioloxía?

MADRID

En que revista participou?

A CORUÑA





En que cidade morreu?

MONFORTE

A PALABRA SECRETA

2



Usando as claves secretas completa o nome dos tres poemarios escritos por Lois Pereiro.



COMO É UN CARNÉ?

3

Nun carné de identidade figuran numerosos datos que serven para identificarnos. Este podería ser o carné de Lois. Recorta a caricatura e a sinatura e escribe o resto dos datos.




LOIS SÁNCHEZ PEREIRO 16 - 2 - 1958


CADA COUSA NO SEU ANO

4

Coloca na liña do tempo cada un dos acontecementos dos recadros inferiores e averigua o ano que lle corresponde.



Completa o encrucillado cos datos da biografía de Lois Pereiro.



- 1.- Poemas, Poemas para unha loia, Poesía última de amor e enfermidade son libros de...
- 2.- Primeiro apelido de Lois.
- 3.- Cidade á que foi a estudar por dúas veces, unha Socioloxía e outra Idiomas.
- 4.- Nome da revista na que colaborou Lois: « de Galiza».
- 5.- Nome da revista na que colaborou Lois cando estivo estudando en Madrid.
- 6.- Un dos idiomas que estudou na Escola Oficial de Idiomas de Madrid.
- 7.- Cidade luguesa na que naceu.

1.- POEMAS 2.- SÁNCHEZ 3.- MADRID 4.- LUZES 5.- LOIA 6.- FRANCÈS 7.- MONFORTE



***Basta de tesouros!
Con paso feliz e malfadada calma
fai conversas de si mesma;
Helena Brigador
e o traballado corpo,
a face protexida por un veo
e unha inclinación de amor no resto dos costumes.***

Lois Pereiro

COMPRENDICHES A POESÍA?

6

1.- De quen fai conversas Helena Brigador?

2.- Como se chama a protagonista do poema?

3.- Que parte do corpo protexe cun veo?

Imaxina como será a protagonista do poema, Helena Brigador. Colorea as palabras que cres que se poden relacionar con ela. Debúxaa.

FERMOSA


FEA

ELEGANTE


DESALIÑADA

SIMPÁTICA

ANTIPÁTICA



Fai unha lista de dez obxectos que che gustaría atopar dentro do cofre dun tesouro.



O PRIMEIRO É O PRIMEIRO

Ordena estas expresións segundo van aparecendo no poema de Helena Brigador.

UNHA INCLINACIÓN DE AMOR

FAI CONVERSAS

PROTEXIDA POR UN VEO

CON PASO FELIZ

1


2

3

4

QUE ROUPAS!

O vestido da xente non foi sempre igual. Ao longo do tempo foi cambiando. Saberías ordenar estes personaxes de máis antigo a máis moderno? Colorea.



ONDE ESTÁ O TESOURO? _____

Serás quen de descifrar a mensaxe e averiguar onde está enterrado o tesouro?

A	B	C	D	E	F	G	H	I	L
M	N	Ñ	O	P	Q	R	S	T	U
			V	X	Z				



O espello da elegancia diante dos meus ollos
e as pálpebras dormen un soño nervudo
en liñas líquidas dos xestos debuxados
nun rostro de crueldade aproximada á miña.

Lois Pereiro

COMPRENDICHES O TEXTO?

12

1.- Onde está o espello da elegancia?

2.- Que fan as pálpebras?

3.- Como son as liñas que dormen un soño nervudo?

Todas estas adiviñas están relacionadas con partes do noso corpo. Poderías adiviñar de que partes se tratan?

1
Péchanse de noite
abren pola mañá,
non son portas
nin ventás.

2
Unha pregunta sinxela
se a sabes responder,
que pranta regamos xusto
cando a imos cortar?

2

3
A xirafa longo, longo.
baixo a barba o rei.
Teno calquera botella
a xirafa e o xersei.

3

4
Unhas son redondiñas
outras son ovaladas
unhas pensan moito
e outras case nada.

4

5
Se acertas esta pregunta
anotarás un bo tanto.
Que cousa acabada en punta
tes entre a risa e o pranto?

5


6
Dous irmáns moi rosadiños
xuntos en silencio están
pero sempre necesitan
separarse para falar.

6

1.- OS OLLOS - 2.- A BARBA - 3.- O PESCOZO
4.- AS CABEZAS - 5.- O NARIZ - 6.- OS BEIZOS


Tormentera era unha bruxa que non facía máis que provocar treboadas e facerlle a vida imposible a Rudolf, o reno, e aos seus amigos. Era unha malvada. Nos contos hai moitos outros personaxes que tamén fixeron falcatruadas. Lémbreste deles e dos seus contos?

1.- ZAPATO 2.- LOBO 3.- OGRO 4.- MAZÁ 5.- BALEA 6.- LEÓN
7.- GATO 8.- NEMO 9.- MADRASTRA 10.- CASA



- 1.- **Obxecto de vestir que perde Cincenta ao saír do baile.**
- 2.- **Animal que quere comer a Carapuchiña Vermella.**
- 3.- **Xigante que ten unhas botas que llas pilla un gato.**
- 4.- **Froita envelenada que lle deu a madrastra a Brancaneves.**
- 5.- **Animal mariño moi grande que traga a Pinocho.**
- 6.- **Na selva era o rei e ademais era o pai de Simba.**
- 7.- **Animal que colleu as botas de sete légoas e era a mascota do Marqués de Carabás.**
- 8.- **Nome do peixe ao que perseguía unha quenlla con moi malas intencións.**
- 9.- **Señora que está moi enfadada con Brancaneves.**
- 10.- **O lobo sopraba e sopraba e sempre lle tiraba aos porquiños a...**

Descubre e relaciona cada cara coa que se agocha detrás de cada veo e completa as caras da parte inferior.



Coa axuda dun espello ou só coa dos teus ollos e a túa cabeza, averigua cales son as palabras que aparecen nestes tres rótulos. Escríbeas ben.

ROSTRO

CRUELDADE

NERVUDO

Localiza as seis palabras do debuxo e escríbeas.



Explica unha razón pola que un neno ou unha nena poden ter esa expresión na cara.



Está triste porque



Está enfadado porque



Está asustado porque



Está sorprendido porque



Está contento porque
